

PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO NÚCLEO RURAL DE A CAÑOTA, SADA

32426463M
ANGEL LUIS
MONTEOLIVA
(R: B15148729)

Firmado digitalmente
por 32426463M
ANGEL LUIS
MONTEOLIVA (R:
B15148729)
Fecha: 2024.08.27
10:14:36 +02'00'

Redactor
Data sinatura: 09/05/2025
Data sinatura: 09/05/2025

ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ

CVD: qr+8FBex4X538tPLrC1y Verificable na Sede electrónica do organismo
Módulo de Verificación de Documentos
Módulo de Verificación de Documentos

Módulo de Verificación de Documentos
Módulo de Verificación de Documentos



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARTE I. INFORMACIÓN

FASE: APROBACIÓN DEFINITIVA

AGOSTO 2024

ÍNDICE XERAL DO DOCUMENTO DE PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR

01. MX

- MEMORIA INFORMATIVA
- MEMORIA XUSTIFICATIVA
- ANEXOS Á MEMORIA

02. PINF

- PLANOS DE INFORMACIÓN

03. PORD

- PLANOS DE ORDENACIÓN

04. NU

- NORMATIVA URBANÍSTICA

05. CAT_NP

06. EE

- ESTUDO ECONÓMICO
- MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA
- INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

07. AAE

- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
- PLANOS DE ALTERNATIVAS
- INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

08. MOD_ODPXOM_NP

09. PPC

- INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

ÍNDICE DA MEMORIA INFORMATIVA

1.- INTRODUCCIÓN	4
1.1. OBXECTO DO PROXECTO E PROMOTOR.....	4
1.2. EQUIPO REDACTOR	4
1.3. ALCANCE E CONTIDO. RELACIÓN DO DOCUMENTO CO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.TRAMITACIÓN.	4
1.4. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS E REFERENCIAS LEGAIS.....	5
2.- MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO	7
2.1. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DO PLAN. CONTEXTO TERRITORIAL.	7
2.2. LITOLOXÍA. TOPOGRAFÍA E RELEVO	7
2.3. HIDROLOXÍA	9
2.4. USOS DO SOLO E VEXETACIÓN. BIOCENOSE.....	9
2.5. SISTEMA DE ASENTAMENTO	11
2.6. ESTRUCTURA PARCELARIA	12
2.7. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS	14
2.8. PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL	16
2.9. ESTUDO DA PAISAXE	16

CVD: 09URmo54XRM740Ckmkv/ Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

CVD: qr+8FBex4X538tPLrC1y Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaría Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.

ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

1.- INTRODUCCIÓN

1.1. OBXECTO DO PROXECTO E PROMOTOR.

O presente Documento constitúe un Plan Especial de Reforma Interior, dos previstos no artigo 72 da Lei do solo de Galicia, co obxecto de definir o sistema viario público dunha parte do núcleo rural de A Cañota, Sada, mediante a fixación de aliñacións e, mesmo, a ordenación detallada dunha parte do ámbito sobre a cal se contempla unha actuación integral.

A formulación deste Plan especial constitúe unha determinación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada, que remitiu a ordenación pormenorizada dunha parte do núcleo rural de A Cañota á redacción dun Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural.

En base á necesidade de delimitar unha actuación integral nunha parte do ámbito e, xa que os plans especiais de ordenación de núcleo rural xa non existen na Lei do solo de Galicia, a figura de planeamento correspóndese agora cun plan especial de reforma integral (en adiante PERI).

Os promotores deste PERI son a meirande parte dos propietarios e propietarias do solo que integran o seu ámbito.

1.2. EQUIPO REDACTOR

O Equipo Redactor do presente PERI está formado polos seguintes técnicos titulados:

- Ángel Luís Monteoliva Díaz. Arquitecto Superior
- Íñigo de Miranda Osset. Arquitecto Superior

Sendo o autor responsable:

ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ, actuando en nome de:

MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

C.I.F.: B-15148729

Domicilio. Rúa Padre Feijoo 9-1º. 15004 A Coruña

Teléfono: 981 12 25 89

Fax: 981 12 23 25

e-mail: estudio@monteolivaarquitectura.com

1.3. ALCANCE E CONTIDO. RELACIÓN DO DOCUMENTO CO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. TRAMITACIÓN.

Alcance, contido e tramitación.

Aínda que o planeamento municipal vixente contempla a previsión dun Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural, figura de planeamento que xa non existe na lexislación urbanística vixente, o Plan que se formula, Plan Especial de Reforma Interior, considérase como **plan especial previsto** aos efectos da súa tramitación.

O alcance físico do Plan Especial circunscríbese ao ámbito dunha parte do núcleo rural de A Cañota, cunha extensión bruta superficial de **108.403 m²**.

O alcance e contido documental é o previsto nos artigos 68, 69 e 72 da Lei do solo de Galicia.

Será tramitado ao abeiro da lexislación urbanística autonómica, en concreto, segundo o disposto no artigo 75 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Avaliación Ambiental Estratéxica

En cumprimento da *Ley 21/2013, de 9 de decembro, de evaluación ambiental* e, en data de decembro de 2019, elaborouse un Borrador de Plan e un Documento Ambiental Estratéxico que acompañaron á Solicitud de Inicio do proceso de AAE ante a Consellería de Medio Ambiente.

En data 21/07/20, mediante *Resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico do Plan Especial de Reforma Interior no Núcleo Rural da Cañota, no Concello de Sada*, resolvese **non someter** o Plan Especial ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica **ordinaria**.

Durante o período de consultas previas recibíronse informes das seguintes entidades da administración pública:

- Instituto de Estudos do Territorio (IET), da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda.
- Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Documento de aprobación inicial

O documento de Plan Especial de Reforma Interior do Núcleo Rural da Cañota foi aprobado inicialmente o día 20 de xuño de 2022. Logo da aprobación, abriuse un período de exposición ao público de dous meses e de consultas coas administracións sectoriais. O Plan puido ser consultado no enderezo electrónico do Concello de Sada: <https://sede.sada.gal/opencms/es/informacion/>.

O anuncio de aprobación inicial foi publicado no DOG nº 141 de 26/07/2022.

O resultado do proceso de participación pública e consultas está exposto no *INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS*, aloxado no cartafol 09.PPC.

Documento de aprobación definitiva

Rematado o proceso de participación pública e consultas, elaborase un documento de fase *aprobación definitiva*.

1.4. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS E REFERENCIAS LEGAIS.

O documento urbanístico municipal vixente en Sada é un Plan Xeral de Ordenación Municipal, en adiante PXOM, aprobado definitiva e parcialmente mediante Orde do 11 de outubro de 2017 de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada. (DOG nº 227 do 29/11/17).

Os terreos que conforman o ámbito do PERI están clasificados de solo de núcleo rural común. A súa ordenación pormenorizada está remitida á redacción dun Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural, dos previstos no artigo 72 da, hoxe derogada, Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Segundo se observa nos planos de ordenación detallada do PXOM (planos de zonificación, xestión e cotas e rasantes), non hai grafadas aliñacións no ámbito remitido ao PEONR. Porén, o PXOM estableceu a traza indicativa da rede de mobilidade sostible en coincidencia coa vía principal do núcleo.

O PXOM non delimitou ámbitos de Actuacións Integrais dentro do perímetro do PEONR.

CVD: 09URmo54XRM740Ckmkv/ Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

CVD: qr+8FBex4X538tPLrC1y Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaría Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.


ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

2.- MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO

2.1. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DO PLAN. CONTEXTO TERRITORIAL.

O ámbito do Plan está localizado nas parroquias de Meirás e Mosteirón, no termo municipal de Sada, Provincia de A Coruña.

O ámbito constitúe unha poligonal de 108.403 m² de superficie, de forma irregular.



Situación sobre Mapa do IGN e sobre cartografía do IET da Xunta de Galicia

O núcleo rural de A Cañota insírese nun contexto rururbano no cal conviven asentamentos de orixe histórica con novos asentamentos de vivenda unifamiliar desenvolvidos nos últimos 50 anos por mor das dinámicas de crecemento e de segunda residencia producidas pola proximidade á cidade de A Coruña. Xunto ao desenvolvemento residencial de baixa densidade apreciase certo desenvolvemento nas infraestruturas viarias, como a Vía Ártabra (VG-1.3) ou o proxecto de acceso ao Porto de Sada, cunha traza que afecta tanxencialmente ao núcleo de A Cañota polo lado surleste.

2.2. LITOLOXÍA. TOPOGRAFÍA E RELEVO

Segundo a información contida no documento do PXOM de Sada, o contexto litolóxico e xeomorfolóxico atende á seguinte descrición:


“A superficie física do concello é típica da zona costeira galega. Presenta un relevo baixo e relativamente suave (aproximadamente o 60% da súa superficie atópase por baixo dos 100 metros), cun lixeiro basculado cara á ría de Betanzos. As cimas máis elevadas son o alto do Espírito Santo de 165 metros de altura e os montes de Castelo de 175 metros e Muíño de 176 metros sobre o nivel do mar. O relevo vai en descenso cara á ría.

A parte occidental está composta de materiais duros, mentres que o resto do concello está ocupado por aluviós continentais e sedimentos mariños no litoral.

A costa, relativamente baixa nalgúns tramos e con cantís noutros, mostra claramente a erosión diferencial, con gran abundancia de saíntes e praias, que coinciden coas zonas de maior ou menor resistencia da roca. No litoral da parroquia de Carnoedo sucédense varias puntas máis, a medida que se avanza cara ao sur, a liña de costa é cada vez máis suave.


Na zona norte atópanse as praias de Cirro, de 100 metros de lonxitude, a praia de San Pedro, de 300 metros de lonxitude, a praia de Arnela, de 150 metros e a praia de Sada ou das Delicias con 400 metros de lonxitude.

O substrato xeolóxico do territorio de Sada está constituído por rochas pertencentes, principalmente, a Xistos de Ordes. Trátase de rochas básicas que teñen un maior contido de biotita, anfíboles e plagioclasas.”



Mapas hipsométrico e litolóxico extractados do PXOM de Sada.

O relevo dentro do ámbito do Plan resulta homoxéneo, cunha forma lixeiramente convexa. Caracterízase por presentar unha pendente media do 12 % na directriz suroeste-nordés. O desnivel máximo é de 70 metros, dende a cota altimétrica 80 m, no punto máis baixo, ata a cota 150 m no punto máis alto. As pendentes máximas (20 - 30%) danse na zona central do ámbito e as mínimas (3 - 5%) no extremo suroeste. Aprécianse explanacións, coa aparición de pequenos desmontes e terrapléns en algunhas parcelas edificadas.




2.3. HIDROLOXÍA

Segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa, o territorio municipal de Sada atópase no sistema de explotación nº 12 Río Mandeo e Ría de Betanzos.

O territorio de Sada na súa maior parte está regada polos ríos da Ponte e Samoedo, ambos os dous tributarios do río Maior, e por regatos que desembocan directamente no mar. Pola parte occidental tamén discorren pequenos arroios que levan as súas augas ao veciño concello de Oleiros. Cabe destacar tamén o lugar das Brañas, cun importante humidal con lagoas e xunqueiras.

No interior do ámbito non se aprecian canles de auga nin liñas de escorrenta. Porén, ao norte e oeste do ámbito existe un pequeno rego que verte ao Rego de Fontoira. A zona de policía afecta parcialmente ao ámbito, no seu extremo noroeste.



Mapa hidrolóxico extractado do PXOM de Sada

2.4. USOS DO SOLO E VEXETACIÓN. BIOCENOSE.

O concello de Sada sitúase na Rexión Eurosiberiana, na Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Compostelano.

A vexetación desta zona pertence á serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Ruscus aculeati-Quercetu roboris sigmetum*) que corresponde no seu óptimo estable cunha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar unha certa cantidade de rebolo (*Quercus pirenaica*), acevos (*Ilex aquifolium*), castiñeiras (*Castanea sativa*), loureiros (*Lauris nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*).

En liñas xerais a superficie repártese entre cultivos forestais, prados e manchas de matogueira.

Os cultivos forestais están formados por especies de crecemento rápido como son o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), ás veces mesturadas e outras, a maioría dos casos, predomina o eucalipto.

No concello de Sada practicamente desapareceron os cultivos agrícolas, reducíndose a algúns terreos dedicados ao cultivo de millo ou pataca, e os prados que se manteñen case pola inercia do costume e a existencia dunha reducida actividade gandeira no contorno.

Existen diferenzas entre os prados presentes no ámbito. Por unha banda, os chans cunha drenaxe deficiente orixinan prados de pouca calidade nos que predominan especies como *Holcus lanatus*, *Senecio aquaticus* ou *Juncus acutifolius*. Por outra banda, sobre os chans fértiles, desenvólvense os prados de maior calidade con especies como *Lolium multiflorum*, *Festuca rubra*, *Poa annua* e *Cynosurus cristatus*.

A matogueira predominante na zona está constituído principalmente por toxo (*Ulex europaeus*) e brezos (*Erica cinerea*, *Erica ciliaris*), ademais doutros arbustos de carácter acidófilo. Entran tamén neste grupo a vexetación que se desenvolve nos bordos dos camiños e dos cultivos na que predominan enredaderas como as zarzas (*Rubus sp.*) ou a madreselva (*Lonicera periclymenum*).

Debido á actividade humana desenvolvida ao longo dos séculos sobre o territorio, aos factores bióticos e abióticos responsables da distribución das especies animais e vexetais hai que engadir a presenza humana como un dos máis determinantes.

En canto ao estudo da fauna dicir que non posúe, polo menos na actualidade, características naturais que favorecesen a presenza de poboacións de especial interese faunístico, moi ao contrario, existen signos inequívocos da degradación do medio natural debido ao elevado grao de antropización desenvolvido na zona.

As especies máis destacadas son as que habitan nas áreas de matogueira e prado, formacións máis frecuentes, na área de As Brañas de Sada e as adaptadas á presenza humana, sen esquecer as aves do litoral.

Nesta primeira aproximación á fauna do Concello de Sada, cabe destacar a presenza de aves como o chotacabras gris (*Caprimulgus europaeus*), a totovía (*Lullula arborea*), a curruca rabilarga (*Sylvia undata*) ou o alcaudón dorsirrojo (*Lanius collurio*) e mamíferos como o desmán dos Pireneos (*Galemys pyrenaicus*), endemismo ibérico, o armiño (*Mustela erminea*) ou a nutria (*Lutra lutra*).

Entre os anfibios destacan a salamandra rabilarga (*Chioglossa lusitanica*) endémica do noroeste peninsular e bioindicadora, ademais dos endemismos peninsulares como o tritón ibérico (*Triturus boscai*), o sapillo pintojo ibérico (*Discoglossus galganoi*) e a ra patilarga (*Ra iberica*).

Existen, ademais, nove especies de réptiles entre as que se atopan os endemismos ibéricos como a lagartija de Bocage (*Podarcis bocagei*), o lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*) e a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*).

O Concello de Sada pertence ao ámbito Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, se ben, non existe no Concello de Sada ningunha figura de protección da natureza das previstas na lexislación sectorial.

En relación aos plans de conservación ou recuperación, a totalidade do territorio municipal de Sada atopase na *Área Potencial* do *Plan de recuperación da escribenta das canaveiras*.

O ámbito remitido a Plan Especial está constituído por terreos de natureza urbana (réxime de solo de núcleo rural). Formado por parcelas que tiveron no pasado unha vocación e uso labrego no contexto do espazo agroforestal integrado no sistema de asentamento rural das parroquias de Meirás e Mosteirón. Hoxe, o solo está ocupado na meirande parte por vivendas unifamiliares. As parcelas contan con xardíns e, en menor medida, con hortas de froiteiras e doutros cultivos para o autoconsumo.

2.5. SISTEMA DE ASENTAMENTO

O asentamento de A Cañota ten orixe nun lugariño de tres ou catro vivendas rurais situado na parroquia de Meirás na cota altimétrica 130 metros. A influencia da cidade da Coruña no territorio periférico fixo que a partires dos anos 70 comezara a expansión dos núcleos rurais de Sada. Novas vivendas foron ocupando parcelas agrícolas e de monte seguindo a traza dos camiños rurais. No caso do asentamento da Cañota, o camiño que baixa ata Mosteirón e A Esperela xerou unha nova estrutura que agora recoñecese como núcleo rural. Por outra banda, a raíz de novas parcelacións, xurdiron novos viais ou servidumes de acceso a novas parcelas, todo elo, nun proceso de crecemento espontáneo.



O PXOM vixente recoñeceu dito asentamento como núcleo rural complexo, delimitando a parte orixinal como núcleo tradicional ou histórico e o resto como núcleo común. A parte do núcleo que o PXOM remitiu a Plan Especial conta con 37 vivendas e unha consolidación estimada do 50%. A meirande parte das vivendas son construcións illadas de baixo e unha planta, con construcións auxiliares tipo garaxes ou galpóns para almacenaxe. As zonas non ocupadas pola edificación están, polo xeral, axardinadas, pavimentadas ou destinadas a pequenas hortas. Algunhas parcelas contan con piscina e todas as parcelas edificadas teñen muros de peche de fábrica ou vexetais.

CVD: qr+8fBex4538tPLrC1v Verificable na Sede electrónica do organismo
 María del Carmen Seoane Bouzas
 Secretaria Xeral
 ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
 Redactor
 Data sinatura: 09/05/2025
 Canceño pleno na súa sesión
 Definitivamente polo Canceño pleno na súa sesión

A estrutura da propiedade é herdanza do sistema minifundista da sociedade agraria ancestral. A transformación desa estrutura tivo lugar a partires da segunda metade do século XX, unha vez iniciado o proceso de abandono do campo e a ocupación do solo con fins residenciais. Moitas parcelas foron subdivididas con dito fin, para o cal, abríronse novos camiños ou serventías de acceso.

Na actualidade existe un total de 59 parcelas catastrais, das que 37 están ocupadas por edificacións.

A relación de parcelas catastrais que conforman o ámbito é a seguinte:

15076A012004610000EO
002302100NJ50B0000DE
000300300NH59H0001BJ
15076A014010990000ED
000300200NH59H0001AJ
000305400NH59H0001XJ

002302000NJ50B0001TR
000305900NH59H0001ZJ
15076A014010980000ER
15076A014002590000EJ
000305500NH59H0001IJ
15076A014002610000EI


2.7. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS

Rede viaria

A rede viaria existente no ámbito é de carácter local, se ben, apreciase diferente xerarquía na súa estrutura e, mesmo, diferentes características canto ás seccións transversais e materiais.

O ámbito é atravesado por unha rúa principal na directriz nordés-suroeste (camiño de Esperela a Cañota) que vincula as estradas provinciais DP-7504 e DP-7508. Trátase dun vial asfaltado con calzada sinalizada e largos comprendidos entre 4 e 5 metros. Un pequeno tramo duns 80 metros conta con beirarrúa nun dos seus lados.

O resto da rede viaria do ámbito son camiños ou rúas de acceso as vivendas, nuns casos froito da herdanza da estrutura viaria rural e, noutros, resultado da apertura de novos accesos en operacións de parcelacións no pasado recente. Moitos deles rematan en fondo de saco.



Imaxe extractada do Inventario de Camiños Públicos do Concello de Sada

A pendente lonxitudinal das rúas existentes merecen especial atención xa que constitúe un condicionante na accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Na Cañota sucede que abríronse vias na dirección da máxima pendente, con pendentes que están moi afastadas dos estándares da lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras. Así, existen rúas en dirección suroeste-nordés con pendentes lonxitudinais que acadan o 19%, ou que teñen, no caso das rúas en fondo de saco, comprometida a prolongación e empalme con outras rúas por mor da pendente do chan.



Rúas con moita pendente que rematan en fondo de saco

Por outra banda, algúns dos viarios non figuran no inventario de camiños públicos do Concello de Sada, porén, son viais de uso público e portadores dos servizos de infraestruturas de auga, saneamento e electricidade.

Nos correspondentes planos de información descríbense as características do viario de uso público.

Abastecemento de auga

O municipio de Sada, xunto con outros concellos da área metropolitana, recibe auga para consumo humano dende a presa de Cecebre. A auga é tratada na estación de A Telva antes de ser bombeada ata un depósito de 17.000 m³ situado en Bergondo para dar subministro ao subsistema de Oleiros, Cambre, Sada e Bergondo. O Concello de Sada dispón dunha cuota de 5.000 m³.

A infraestrutura para o abastecemento en Sada se compón dun depósito de 2.400 m³ situado en Castelo. Dende alí a auga distribúese por unha extensa rede que abrangue o territorio municipal.

O ámbito da Cañota conta con subministro de auga en base á rede existente municipal, con puntos de entronque nas liñas principais de Esperela e A Cañota, de $\varnothing 100$ HF. No interior do ámbito existen tubaxes de diámetros 75 e 90 mm.

Segundo informe da empresa concesionaria da xestión da auga en Sada (VIAQUA) de 30/03/2020, a arteria de distribución de Meirás de $\varnothing 125$ HF presenta no verán problemas de exceso de velocidade (con caudais de ata 65 m³/hora) polo aumento do consumo estival.

Saneamento de augas residuais

Existe rede de recollida de augas residuais que abrangue a práctica totalidade do ámbito. Está formada por tubaxes de 250 e 315 mm de diámetro que, por gravidade, conducen a auga ata o colector de Esperela.

Dúas rúas en fondo de saco non teñen saneamento debido a que a saída da rúa vai a contrapendente.

Subministro de electricidade

No interior do ámbito existe subministro de electricidade en baixa tensión. Provéen dos centros de transformación situados en Esperela e Machado.

Observase que o ámbito está afectado por unha liña aérea de alta tensión de 132 Kv.

2.8. PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

Segundo o PXOM de Sada, no interior do ámbito non existen elementos catalogados pertencentes ao inventario de bens do patrimonio. Tampouco se atopa o ámbito afectado por contornos de protección de elementos situados fora do ámbito. Nas inmediacións do ámbito recoñécense os seguintes elementos:

- Ficha do catálogo nº 1.4. Igrexa parroquial e cemiterio de S. Nicolau de Mosteirón
- Ficha do catálogo nº 1.11. Convento, capela e xardíns das Siervas de María
- Ficha do catálogo nº 4.1. CEIP e IES O Mosteirón
- Ficha do catálogo nº 6.3. Conxunto singular na Cañota
- Ficha do catálogo nº 7.17. Vivenda muíño con hórreo no Machado
- Ficha do catálogo nº 10.11. Hórreo na Cañota
- Ficha do catálogo nº 10.19. Hórreo en Machado

Tras labores de traballo de campo, non se atoparon bens ou elementos de arquitectura ou etnografía de carácter histórico ou cultural. Tampouco hai referencias arqueolóxicas.

2.9. ESTUDO DA PAISAXE

Segundo o catálogo das Paisaxes de Galicia o territorio municipal de Sada insírese na Grande Área Paisaxística “Golfo Ártabro”, subarea “Golfo Ártabro Litoral”.

A área denominada “Golfo Ártabro Litoral” encádrase nun tipo de paisaxe transformado, moi humanizado, pois tratase dunha das áreas de maior dinamismo de Galicia. Os rascos estruturais desta paisaxe son a suavidade do relevo e do clima, nun contexto ribeirán e costeiro. A textura desta paisaxe abrangue a complexidade derivada da existencia de grandes áreas urbanizadas en continuo, espazos agrícolas e forestais, praias e cantís, espazos de valor natural, etc.

A paisaxe da zona do ámbito deste Plan caracterízase por ser unha paisaxe de transición cara ao litoral. Os trazos estruturais máis salientables son a suavidade do relevo (se ben o ámbito sitúase nunha das partes máis elevadas e con máis pendente do territorio municipal) e a suavidade do clima. A textura da paisaxe está composta polo asentamento (edificacións e urbanizacións residenciais) mesturado con restos do antigo espazo agrícola e forestal, o cal evoluciona cara á renaturalización ou pequenas explotacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

A área de estudo non semella ter valores paisaxísticos destacables, se ben, de xeito puntual e no entorno da área atópanse algúns corredores ambientais asociados á densa rede hídrica da gran cunca de Sada. Mesmo, elementos do patrimonio histórico como o Pazo de Meirás son referentes na zona, mais, non participa das relacións visuais que se dan no ámbito do presente Plan.

Compre destacar a posición do ámbito do Plan nunha zona que, nos planos de “visibilidade estratéxica” do Catálogo das Paisaxes, semella ter unha visibilidade alta. En efecto, dende o núcleo de A Cañota danse vistas cara o nordés, cara á Ría de Sada, dentro da área de intervisibilidade de Sada e da ría.



Dita unidade foi analizada no Plan de Ordenación do Litoral, información que expónse a continuación de xeito extractado:



“O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase por ter un relevo suave, sen uns límites físicos de especial potencia que o delimiten visualmente, e unha importante rede fluvial que forma pequenos vales, con numerosas masas vexetais de bosque de ribeira asociadas aos diferentes cursos de auga. Existe unha clara diferenciación entre as características da fronte litoral, cun patrón urbano de alta densidade edificatoria, moi concentrado e consolidado, e o modelo de organización das valgadas interiores, mediante unha urbanización difusa apoiada na densa rede de vías de comunicación. Con todo, existe unha clara dependencia funcional de toda a unidade cara ao núcleo urbano de Sada, que se reflicte na rede de comunicacións, converxente neste punto.

DINÁMICA DA PAISAXE

O modelo tradicional de ocupación do territorio apoiábase nun núcleo principal (Sada) que centralizaba as funcións representativas, administrativas e industriais e relegaba os labores produtivos a unha serie de núcleos distribuídos entre as terras de cultivo, situadas en vales de suave pendente regados por numerosos cursos de auga. Co paso do tempo, a importancia de Sada consolidouse, cun crecemento intenso do núcleo ao longo do litoral debido á aparición de novas actividades vinculadas á utilización do litoral como recurso turístico. Doutra banda, o retroceso da actividade agraria propiciou, en parte, que o modelo de desenvolvemento dos núcleos do interior abandone os tradicionais principios de compacidade. Prodúcese entón un fenómeno urbanizador de baixa densidade, xeralmente ao longo das vías de comunicación posto que os labores produtivos non se realizan xa nas terras inmediatas ao domicilio.

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade de gran superficie cunha franxa costeira reducida, na que se enclava o Núcleo Identidade do Litoral de Sada, o que fai que en ocasión a lectura do territorio se realice mediante parámetros máis propios de paisaxes de interior (con referencias ás canles dos ríos, as elevacións intermedias...) que de litoral. Nesta unidade figuran elementos de alto interese tanto natural como patrimonial, que lle confiren ao territorio unha elevada diversidade e complexidade de gran valor, o que xera a relación entre o soporte físico e as intervencións antrópicas que nel se suceden. Deste xeito, pódese ver con claridade como os numerosos castros que encadran o ámbito establecen relacións visuais ao longo dos diferentes vales até a fronte litoral, no punto onde hoxe se sitúa o núcleo urbano. Estas conexións lonxitudinais atópanse hoxe interrompidas pola barreira visual que constitúe a edificación costeira, aínda que o relevo considerablemente plano da unidade posibilita perspectivas transversais entre os puntos máis elevados desta. Tamén se xeran desde a fronte litoral conexións visuais coa parte máis exterior da ría de Betanzos, particularmente coa costa de Miño e Perbes.

Dende unha escala de detalle axustada ao ámbito territorial do Plan Especial, cabe facer unha breve descrición da paisaxe urbana do núcleo de A Cañota, con especial atención sobre o espazo público do viario, principal motivo de ordenación deste Plan:

A paisaxe do núcleo de A Cañota é unha paisaxe rururbana onde mestúranse ingredientes das paisaxes urbanas de baixa densidade con elementos típicos do rural das agras coruñesas.

O elemento estrutural máis destacable é o relevo, en ladeira orientada ao nordés e pendente de suave a moderada . Este feito, en conxunción coa cota altimétrica (80-150 m), fai que o ámbito sexa un enclave dos máis expostos do territorio municipal de Sada, xunto a outros como Muíño do Vento, Vilar, Monte das Monxas, na cordal que separa Oleiros de Sada. Esta característica fai posible que dende algúns puntos do asentamento da Cañota se abran vistas ou escenas abertas cara ao nordés e se aprecie como fondo de escena a ría ou a costa de Miño.

Os elementos texturais máis salientables no ámbito do Plan son de carácter antrópico: as edificacións, cos seus materiais e cores; as áreas non edificadas das parcelas, cos seus xardíns e hortas; os peches das parcelas, de obra de fábrica ou vexetais; o viario, co seu nivel de urbanización,...



Especial atención merece o espazo público do viario, o cal constitúe o principal elemento urbano obxecto de ordenación no presente Plan. Trátase dun espazo público en evolución, en proceso de cambio: do viario de orixe rural cara a outro de trazos máis urbanos debido ao seu grao de urbanización. Dito estado transitorio xera imaxes diversas e cambiantes nun espazo curto. Así, existen tramos de xerarquía superior pero de escasa sección transversal fronte a outros que, sendo rúas secundarias, teñen máis sección. Mesmo ocorre co grao de urbanización, onde se aprecian uns tramos máis urbanizados que outros, tramos sen pavimentación ou en mal estado de conservación, tendidos aéreos, cunetas, aliñacións de vexetación privada, muros de bloque sen revestir, etc. Esta falta de homoxeneidade e de orde provoca imaxes de calidade limitada.

Na data da sinatura electrónica
OS ARQUITECTOS,



Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz



Asdo.: Iñigo de Miranda Osset

CVD: 09URmo54XRM740Ckmkv/ Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura: 09/05/2025
Motivo: Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.

CVD: qr+8FBex4X538tPLrC1y Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaría Xeral
Data sinatura: 02/06/2025 13:50:00
Motivo: Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.